



# Niveis de competencia en lingua galega

Descrición de habilidades e de contidos adaptados  
ao *Marco europeo común de referencia para as linguas*







# **Niveis de competencia en lingua galega**

XUNTA DE GALICIA

**Grupo de Trabajo**

Elvira Fidalgo  
Margarita Chamorro  
Bieito Silva  
Xulio C. Sousa  
Manuel Núñez Singala  
Pilar Concheiro  
Yolanda López  
Olga Iglesias

**Edita**

Xunta de Galicia

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Centro Ramón Piñeiro  
para a Investigación en Humanidades

**Coordinador científico**

Manuel González González

**Director Técnico de Literatura**

Anxo Tarrío Varela

**Deseño gráfico**

**ocumo**deseño

**Imprime**

Litonor

**Depósito legal**

C-2641-2006

**ISBN 13:** 978-84-453-4306-7

**ISBN 10:** 84-453-4306-8

# Niveis de competencia en lingua galega

Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao  
*Marco europeo común de referencia para as linguas*





# Índice

<b>Prólogo</b> .....	<b>9</b>
<b>Introdución</b> .....	<b>11</b>
<b>Celga 1</b> .....	<b>17</b>
1. Descrición xeral do nivel .....	19
2. Descrición do nivel segundo as habilidades .....	19
2.1. Comprensión oral .....	19
2.2. Comprensión escrita .....	20
2.3. Expresión oral .....	20
2.4. Expresión escrita .....	21
3. Contidos .....	22
3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas .....	22
3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código .....	23
3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais .....	25
<b>Celga 2</b> .....	<b>27</b>
1. Descrición xeral do nivel .....	29
2. Descrición do nivel segundo as habilidades .....	29
2.1. Comprensión oral .....	29
2.2. Comprensión escrita .....	30
2.3. Expresión oral .....	30
2.4. Expresión escrita .....	31
3. Contidos .....	31
3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas .....	31
3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código .....	33
3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais .....	34
<b>Celga 3</b> .....	<b>35</b>
1. Descrición xeral do nivel .....	37
2. Descrición do nivel segundo as habilidades .....	37
2.1. Comprensión oral .....	37
2.2. Comprensión escrita .....	38

2.3. Expresión oral .....	38
2.4. Expresión escrita.....	39
3. Contidos.....	40
3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas .....	40
3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código.....	41
3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais .....	43
<b>Celga 4.....</b>	<b>45</b>
1. Descrición xeral do nivel.....	47
2. Descrición do nivel segundo as habilidades.....	47
2.1. Comprensión oral.....	47
2.2. Comprensión escrita .....	47
2.3. Expresión oral .....	48
2.4. Expresión escrita.....	49
3. Contidos.....	49
3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas .....	49
3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código.....	50
3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais .....	52
<b>Celga 5.....</b>	<b>53</b>
1. Descrición xeral do nivel.....	55
2. Descrición dos niveis segundo as habilidades.....	55
2.1. Comprensión oral.....	55
2.2. Comprensión escrita .....	56
2.3. Expresión oral .....	56
2.4. Expresión escrita.....	57
3. Contidos.....	58
3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas .....	58
3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código.....	59
3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais .....	60

---

## Prólogo

O día 9 de novembro de 2005, na reunión anual dos membros de ALTE (*Association of Language Testers of Europe*), que se desenvolveu en Cardiff arredor desas datas, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, acadou a súa inclusión como membro de pleno dereito na devandita asociación, cun modelo de proba de coñecemento de lingua galega acorde cos parámetros definidos por ALTE e polo Consello de Europa, tal como esixe a entidade examinadora. Á parte do modelo de *Certificado de coñecemento de lingua galega 1 (Celga 1)*, correspondente ao nivel A2 definido polo Consello de Europa a través do *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, houbo que definir os documentos relativos á administración deste exame; é dicir, elaborar as instrucións específicas tanto para os examinados coma para os avaliadores. Aquela data marcou o inicio dunha longa carreira, cuxa meta é a presenza do galego en ALTE cos modelos de proba correspondentes ao resto dos niveis de coñecemento; é dicir, o *Celga 2*, *Celga 3* e *Celga 4*, polo menos nesta fase inicial.

Agora é o momento de darlles aos interesados en superar as diferentes probas de coñecemento os descritores dos contidos de cada un deses niveis, para que coñezan de antemán o que se lles vai esixir para acadar a certificación correspondente, sempre atendendo aos niveis establecidos polo *Marco europeo común de referencia*, documento que proporciona unha base común para a elaboración de programas curriculares, exames, manuais, materiais de ensino, etc. en toda Europa. Ademais, o *marco* describe, de xeito global, os coñecementos que debe manexar un estudante dunha determinada lingua para poder comunicarse, así como os coñecementos e habilidades que teñen que desenvolver para poder actuar de maneira eficaz, descrición que se estende así mesmo ao contexto cultural onde se sitúa a lingua en cuestión.

O deseño, tanto das probas coma dos descritores de contidos, foron elaborados polos membros do Proxecto para a avaliación e aprendizaxe de galego, do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que, alentados desde esta secretaria traballa, polo coñecemento e a difusión da nosa lingua.

*Secretaría Xeral de Política Lingüística*



---

## Introdución

A aprendizaxe regrada da lingua galega foi un froito serodio na historia de Galicia. Durante séculos deuse o paradoxo de que unha sociedade case universalmente monolingüe en galego era alfabetizada en castelán e resultaba, en consecuencia, ágrafa no idioma que falaba. Esta marxinação da lingua propia do país, promovida desde o poder unhas veces de maneira activa e outras coa simple ocultación da realidade sociolingüística, xerou unha mentalidade diglósica en boa parte da poboación, importantes eivas no uso social do idioma e unha invisibilidade pública deste.

Esta situación de anormalidade social foi denunciada e combatida por persoeiros ilustres e colectivos diversos en distintos momentos históricos: o Padre Sarmiento, por exemplo, protestaba con contundencia no século XVIII pola “desalmada necedad de poner a los niños gallegos a la jerga de la gramática latina antes de saber, con mucha extensión, la lengua gallega”; importantes intelectuais do século XIX puxeron a súa pluma e a súa voz ao servizo da dignificación do idioma; nas primeiras décadas do século XX, as Irmandades de Amigos da Fala converteron a lingua en reivindicación claramente social e política e, a partir de aí, esta foi unha das marcas ideolóxicas máis definidoras do galeguismo e do nacionalismo organizado, que fixeron da normalización do idioma unha reclamación permanente.

Na historia recente, houbo que esperar ao final do franquismo e á recuperación da democracia para que se producise no Estado español o recoñecemento oficial doutras linguas diferentes do castelán. A primeira norma xurídica que se fai eco desta realidade plurilingüe é o chamado *Decreto regulador de las lenguas regionales españolas*, aprobado en 1975 e que autorizaba o estudo das linguas nativas como materia voluntaria nos centros de educación preescolar e de educación xeral básica; mais este status de absoluta subordinación lingüística estaba moi lonxe das demandas da sociedade do momento que vivía unha eferescencia reivindicativa moito máis ambiciosa. A posterior aprobación da Constitución de 1978 abriu novos espazos para a diversidade lingüística no Estado e para a existencia de poderes autonómicos que se ocupasen da promoción dos respectivos idiomas.

Foi precisamente un decreto da Xunta de Galicia de 1979, aínda en período preautonómico, o que permitiu incorporar por primeira vez o galego ao sistema educativo como materia obrigatoria, así como o seu uso como idioma vehicular noutras materias, aínda que isto último con moitos condicionamentos. Dous anos despois, o Estatuto de Galicia de 1981 afirmou o galego como a lingua propia de Galicia, así como a súa oficialidade, xunto co castelán, no seu territorio, ao mesmo tempo que estableceu como competencia exclusiva da comunidade autónoma a promoción e o ensino deste idioma; uns principios e unhas

responsabilidades que serían reafirmadas con posterioridade na Lei de normalización lingüística de 1983.

Dentro deste novo marco legal no que se moveu a lingua galega ao longo dos últimos vinte e cinco anos, o Parlamento e o Goberno de Galicia tiveron que tomar decisións para impulsar a presenza escolar do idioma, para promover a súa aprendizaxe e para fixar niveis de competencia neste. No sistema educativo formal estes parámetros veñen dados polos plans de estudo e polos currículos dos distintos niveis académicos, nos que se establecen horarios, obxectivos, contidos e criterios de avaliación. No ámbito do ensino e aprendizaxe non formal da lingua galega, que é o que se trata neste documento, esta regulación reduciuse á fixación na década dos oitenta de dous niveis de coñecemento do idioma –o de iniciación e o de perfeccionamiento– que escasamente cubrían o ensino do nivel intermedio da lingua, pero deixaban no desamparo o nivel inicial e o superior. Tratábase dun sistema que, se ben puido ser útil nun primeiro momento, perpetuouse demasiado tempo e non soubo adaptarse aos novos estándares de referencia. Os ditos cursos presentaban algunhas eivas que o novo sistema de ensino non regrado deberá reparar. A grandes trazos, as deficiencias máis notables eran tres: a insuficiencia de niveis; a súa desconexión absoluta con calquera outro sistema internacional e, nomeadamente, co marco europeo; e a ausencia de estándares de referencia para a avaliación.

As circunstancias nas que se atopa o idioma na actualidade, con demandas novas que non pode cubrir o sistema escolar e con colectivos cada vez máis diversos aos que atender desde o punto de vista lingüístico, esixen unha reformulación da aprendizaxe e da avaliación da competencia en lingua galega fóra do sistema educativo regrado; e isto cómpre facelo incorporando esta lingua ao modelo que rexe para a maioría dos idiomas europeos: adaptando os niveis de competencia ao que establece o Consello de Europa no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e fixando criterios, modelos e protocolos de avaliación homologados pola *Association of Language Testers in Europe* (ALTE). Unha vez rematado, este proceso, debe servir non só para incorporar a lingua de Galicia aos parámetros nos que se moven as outras linguas do noso contorno cultural, senón tamén para contribuír ao seu recoñecemento no exterior e para dispoñer de instrumentos máis rigorosos de aprendizaxe e avaliación; é dicir, debe ser unha achega relevante á súa normalización.

Os referentes aos que se alude no parágrafo anterior, ineludibles na xeira que se inicia con este documento sobre os niveis de competencia en lingua galega, non nos deben levar a ignorar, porén, certas peculiaridades do noso contexto sociolingüístico. Teñamos en conta, por exemplo, que mentres en moitos idiomas este modelo está pensado para individuos que non son falantes desa lingua ou explicitamente cidadáns de países estranxeiros, no caso do galego deberá servir para establecer e medir a competencia de non galegofalantes (estranxeiros de diversos países, inmigrantes en Galicia de distinta procedencia lingüística, galegos de distintas xeracións no exterior, etc.), pero tamén para certificar a competencia lingüística de cidadáns galegos que mesmo poden ser usuarios habituais deste idioma. Esta variedade na demanda, xunto con especificidades relacionadas coa situación de non normalización social do idioma,

coa insuficiente socialización dun estándar oral entre os galegofalantes ou coa previsible interposición do castelán na práctica lingüística de moitos dos candidatos ás certificacións de competencia en lingua galega, son circunstancias que inevitablemente se deberán ter en conta.

Os niveis de competencia en lingua galega que se presentan neste documento responden, como se indicou máis arriba, aos criterios establecidos no *Marco europeo común de referencia para as linguas*, coas adaptacións requiridas pola situación singular do idioma galego e a diversidade de candidatos aos que pretende atender. Pártese dunha presentación moi breve do **nivel** en cuestión, para continuar despois co detalle das **habilidades** nas que se debe reflectir esa competencia e cos **contidos** de distinto tipo nos que se deben apoiar. As **habilidades** fan referencia ás capacidades comunicativas que o aprendiz debe demostrar en cada chanzo da adquisición idiomática; é dicir, a aquelas tarefas e interaccións sociais que debe ser quen de desenvolver a través da lingua galega para acceder á certificación correspondente. Este 'saber facer' remítese ás catro dimensións convencionais na aprendizaxe de calquera idioma: a comprensión oral ou auditiva, a comprensión escrita ou de lectura, a interacción e expresión oral e a interacción e expresión escrita.

Os **contidos** representan aqueles coñecementos que se consideran necesarios para poder activar de xeito satisfactorio –con corrección, adecuación e eficacia– as habilidades de comprensión e expresión ás que aludimos no parágrafo anterior. Estes coñecementos non constitúen, polo tanto, un eido de aprendizaxe con valor en si mesmo, senón que están ao servizo das capacidades comunicativas, que son as que se deben converter no eixe vertebrador da aprendizaxe do idioma e as que, en último termo, darán conta do nivel real de apropiamento realizado.

Os contidos organízanse en tres grandes bloques:

- Un de tipo **comunicativo**, no que se recollen de xeito máis detallado as capacidades de comprensión e expresión xa formuladas na sección de habilidades. Estas capacidades enúncianse en forma de funcións comunicativas que o usuario do idioma debe ser capaz de realizar en distintos ámbitos e situacións do seu quefacer cotián: desde os privados e informais, aos públicos e formais.
- O segundo está relacionado co **código**, que representa o soporte lingüístico e normativo que o aprendiz debe coñecer para facer uso do idioma neses contextos e coas finalidades ás que se alude na sección anterior. Trátase dos coñecementos fraseolóxicos, gramaticais, léxicos, fonéticos e ortográficos que se asocian máis directamente coas funcións comunicativas de cada nivel e que constitúen o requisito básico para resolvelas satisfactoriamente; un repertorio de formas e normas coas que o usuario debe codificar e descodificar as mensaxes nas interaccións nas que participa.
- Finalmente, un terceiro bloque sobre coñecementos **sociais e culturais** relacionados con Galicia e cos galegos, que lle dan á aprendizaxe da lingua esa dimensión necesaria para converter o aprendiz nun usuario competente desde o punto de vista socio-cultural.

Estes contidos pretenden ser o soporte temático da aprendizaxe lingüística e, ao mesmo tempo, contribuír a que esta se insira na comunidade histórica na que se asenta a lingua. En consecuencia, a súa presenza nun programa de adquisición idiomática xustifícase porque, aínda que a competencia do aprendiz se manifesta no dominio dunhas destrezas comunicativas que lle permiten relacionarse a través dos signos e das regras dese código específico, esta competencia comunicativa leva asociada a incorporación, en maior ou menor grao, á historia social e política da comunidade de falantes, aos trazos definidores da súa estrutura territorial e demográfica, á organización da actividade socioeconómica e da vida pública e aos costumes, tradicións e modos de vida desa colectividade; é dicir, aos referentes socioculturais que aconteceron ao longo do devir histórico e que son os que lle outorgan ao idioma a súa dimensión de símbolo identitario.

Para establecer a selección dos contidos, o factor de referencia constitúeno as funcións comunicativas, que representan, como xa se indicou máis arriba, o elemento xerárquico de maior rango e ao que se deben subordinar as demais aprendizaxes lingüísticas e socioculturais. A secuencia dunhas e doutras ofrece moitas dificultades, porque a adquisición dunha lingua progresa en forma dunha espiral, na que as novas aprendizaxes se van asentando e gañando funcionalidade a partir dos saberes anteriores, pero tamén porque unha interacción comunicativa, por sinxela que sexa, implica a activación simultánea de coñecementos moi diversos: gramaticais, léxicos, fonéticos, sociolingüísticos ou culturais. Con todo, a dificultade é de distinto grao nos contidos de natureza lingüística e nos de carácter sociocultural:

- Polo que toca aos contidos relacionados coa gramática, a fonética e a ortografía, na descrición de cada nivel propónse un inventario indicativo e orientador de contidos lingüísticos, mantendo vivo o principio de que a progresión na aprendizaxe require a incorporación de coñecementos novos, pero mantendo vivos e activados os anteriores.
- En canto aos contidos léxicos, non é tan doado facer unha diferenciación por niveis porque, aínda que hai algunhas realidades ou universos temáticos que poderían asociarse preferentemente a uns ou a outros, non se poden considerar exclusivos de ningún deles e parece, polo tanto, arriscado facer unha distribución rixida. Pensamos, máis ben, que as capacidades comunicativas descritas no apartado de habilidades implican o dominio do vocabulario relacionado cunha serie de áreas temáticas que son, no fundamental, comúns a todos os niveis, de modo que a diferenza entre os niveis consiste, moito máis ca na selección de áreas específicas, na amplitude, variedade e especialización do repertorio léxico que requiren as funcións comunicativas que se formulan para cada un. De acordo con estas consideracións, os contidos léxicos orgánzanse a partir duns núcleos temáticos que se repiten en cada nivel, precedidos de certas consideracións sobre a maneira na que deben ser entendidos en cada caso.



- Máis complexa e arbitraria resulta aínda a distribución dos contidos socioculturais, porque deben funcionar, basicamente, como soporte instrumental nas actividades de aprendizaxe da lingua (en forma de textos, imaxes, etc.) e porque están menos asociados a procesos comunicativos concretos. Isto fai que, máis ca unha diferenciación temática, o que procede neste caso é unha gradación da complexidade coa que se afrontan e unha axeitada selección do soporte e da metodoloxía na que se apoia a presentación: máis visual e intuitiva nos niveis máis baixos, máis textual e analítico-reflexiva nos superiores, etc. Por esta razón, a proposta que se ofrece para secuenciar estes contidos por niveis, vertebrada arredor de diversos eixes temáticos (a vida cotiá, a xeografía, a realidade político-social, a cultura e a lingua) e distribuída cun criterio de maior a menor proximidade e sinxeleza, débese entender como unha simple orientación.

Para rematar esta epígrafe introdutoria, debemos indicar que neste documento se describen cinco niveis de competencia en lingua galega que, de menor a maior, reciben a seguinte denominación: *Certificado en lingua galega 1*, *Certificado en lingua galega 2*, *Certificado en lingua galega 3*, *Certificado en lingua galega 4* e *Certificado en lingua galega 5*. A correspondencia cos niveis de coñecemento do *Marco europeo común de referencia para as linguas* do Consello de Europa e os niveis de ALTE son os que se indican a continuación:

Niveis de competencia	Niveis de competencia	Niveis de competencia
(MECRL)	(Lingua galega)	ALTE
A2	<i>Celga 1</i>	<i>Level 1</i>
B1	<i>Celga 2</i>	<i>Level 2</i>
B2	<i>Celga 3</i>	<i>Level 3</i>
C1	<i>Celga 4</i>	<i>Level 4</i>
C2	<i>Celga 5</i>	<i>Level 5</i>



# Celga 1

1. Descrición xeral do nivel .....	19
2. Descrición do nivel segundo as habilidades .....	19
2.1. Comprensión oral .....	19
2.2. Comprensión escrita .....	20
2.3. Expresión oral .....	20
2.4. Expresión escrita .....	21
3. Contidos .....	22
3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas .....	22
3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código .....	23
3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais .....	25



## 1. Descrición xeral do nivel

A persoa que supere o *Celga 1* posuirá un dominio da lingua xeral que lle permita satisfacer as necesidades máis primarias de comunicación: será capaz de comprender frases e expresións de uso frecuente, relacionadas con áreas que lle son especialmente relevantes (información elemental sobre si mesmo e a súa familia, compras, lugares de interese, ocupacións, etc.); saberá relatar, describir, expoñer e demandar, en termos sinxelos, aspectos relacionados coa súa experiencia persoal, co seu contorno ou con interaccións sociais básicas; saberá comunicarse para levar a cabo tarefas cotiás que non requiran máis ca intercambios simples e directos de información sobre cuestións que lle son coñecidas ou habituais e en situacións de comunicación previsibles, etc. É dicir, mostrará unhas capacidades comunicativas elementais pero suficientes para desenvolverse en contextos próximos e familiares, materializadas nun repertorio lingüístico aínda esquemático e vehiculadas especialmente a través da oralidade.

## 2. Descrición do nivel segundo as habilidades

### 2.1. Comprensión oral

Comprenderá frases, expresións e o vocabulario máis habitual sobre temas de interese persoal e relacionado con áreas de prioridade inmediata. Interpretará o discurso de xeito eficaz para poder enfrontarse a necesidades concretas, sempre que se emita con lentitude e naturalidade, sexa breve, sinxelo, claro, redundante, práctico e ligado ao contexto.

Máis en concreto, será capaz de comprender información e instrucións sinxelas, así como pasaxes curtas, mesmo gravadas, que traten sobre asuntos cotiáns e previsibles coma os seguintes:

- ⊙ Intervencións simples de carácter social que permitan manter un contacto mínimo con outra persoa, poñendo en práctica habilidades sociais como presentarse ou despedirse.
- ⊙ Información xeral relativa á identificación e caracterización persoal (relacións familiares, profesionais, estudos, tempo libre).
- ⊙ Instrucións sobre orientación e localización no espazo, así como sobre horarios e datas.
- ⊙ Información relativa á alimentación, produtos e obxectos de uso diario, prezos e formas de pagamento.
- ⊙ Preguntas e instrucións sinxelas relacionadas coa saúde.
- ⊙ Información básica de lugares ou oficinas públicas: correos, bancos, ambulatorios, institucións académicas, etc.

- ⊙ Información básica sobre feitos ou acontecementos, tanto do momento presente coma do pasado.
- ⊙ Opinións sobre acontecementos de actualidade, sempre que se presenten de forma clara e breve.
- ⊙ Mensaxes telefónicas sinxelas.

## 2.2. Comprensión escrita

Será capaz de ler textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns se conteñen vocabulario moi frecuente. Saberá atopar información específica e previsible en cartas, catálogos, prospectos, menús de restaurantes, listaxes, horarios, anuncios publicitarios e artigos breves de carácter informativo nos xornais.

Comprenderá, interpretará e identificará información e instrucións sinxelas relacionadas con situacións cotiás e previsibles nas que atope textos como os seguintes:

- ⊙ Carteis e avisos públicos fixados en rúas, estradas e espazos de servizo público.
- ⊙ Horarios e datas de viaxes, servizos de transporte, apertura e peche de establecementos.
- ⊙ Información sinxela sobre a orientación e a localización no espazo.
- ⊙ Normas elementais de seguridade.
- ⊙ Instrucións sobre aparellos de uso frecuente (por exemplo, un teléfono público).
- ⊙ Informacións e instrucións de ámbitos como a hostalería (aloxamento, menús de restaurantes, etc.), a sanidade ou a vida académica.
- ⊙ Indicacións básicas para o uso de medicamentos: posoloxía, etc.
- ⊙ Información xeral relativa á identificación e caracterización persoal: relacións familiares, profesionais, estudos, afeccións, etc.
- ⊙ Información sinxela relativa á alimentación e produtos de uso diario expostos nun establecemento comercial.
- ⊙ Información básica de formularios e documentos normalizados das oficinas de correos, da Administración e de entidades académicas e bancarias.
- ⊙ Noticias breves e titulares sinxelos dos xornais.

## 2.3. Expresión oral

Poderá comunicarse en tarefas elementais e habituais que requiran un intercambio simple e directo de información sobre actividades e asuntos cotiáns. En situacións estruturadas e previsibles da vida diaria, será capaz de participar en conversas breves con razoable comodidade, sempre que conte coa colaboración do interlocutor. Aínda que resulten moi evidentes as pausas, as dúbidas iniciais e a reformulación, farase entender en intervencións breves. Será capaz de enlazar grupos de palabras con conectores sinxelos tales como *e*, *pero* e *porque*.

Saberá facer descrições e presentacións breves e sinxelas da familia e doutras persoas, das condicións de vida ou de traballo, das actividades diarias, dos costumes, dos gustos e preferencias, dos obxectos e posesións, etc. Será capaz de facer declaracións ensaiadas de contido previsible e aprendido sobre temas importantes da vida cotiá, coa garantía de ser entendido por oíntes dispostos a concentrarse e a colaborar.

De maneira máis detallada, poderá resolver situacións e tarefas como as seguintes:

- ⊙ Intervencións simples de carácter social que permitan manter un contacto mínimo con outra persoa, poñendo en práctica habilidades sociais como presentarse ou despedirse.
- ⊙ Controlar a comunicación oral (solicitando repeticións, o soletreo de palabras ou a moderación na velocidade da fala).
- ⊙ Dar información xeral relativa á identificación e caracterización persoal (relacións familiares, profesionais, estudos, tempo de lecer), de lugares e de obxectos.
- ⊙ Solicitar e dar instrucións sinxelas sobre orientacións e localización no espazo e sobre horarios e datas.
- ⊙ Reservar unha habitación nun hotel ou nun establecemento equivalente, facer preguntas sinxelas sobre o aloxamento e observacións ou reclamacións breves sobre o servizo.
- ⊙ Pedir produtos expostos en establecementos comerciais e información básica sobre eles.
- ⊙ Reclamar a atención do responsable dun establecemento e solicitar un servizo (restaurante, farmacia, tenda, gasoleira, etc.).
- ⊙ Pedir información relativa á alimentación e a produtos de uso diario, prezos e formas de pagamento.
- ⊙ Darlle información básica sobre un problema de saúde a un médico ou a un farmacéutico.
- ⊙ Pedir información e realizar xestións sinxelas en distintas situacións cotiás: nas oficinas de correos, bancarias, académicas ou administrativas; en estacións de transporte público, axencias de viaxes, etc.
- ⊙ Intervir en conversas sinxelas sobre experiencias persoais, centros de interese e acontecementos de actualidade, manifestando sentimentos, expresando acordo e desacordo e solicitando opinións.

## 2.4. Expresión escrita

Poderá escribir notas e mensaxes breves e sinxelas sobre temas relativos a áreas de necesidade inmediata e sobre aspectos cotiáns do seu contorno (persoas, lugares, condicións de vida e experiencias persoais e profesionais), empregando unha serie de frases e oracións enlazadas cos conectores máis usuais. Máis en concreto, será capaz de:

- ⊙ Cubrir formularios básicos con información persoal: matrícula nun curso, apertura dunha conta nun banco, etc.
- ⊙ Escribir mensaxes breves de rexistro formal, por exemplo para facer unha reserva de aloxamento, pedir unha información sinxela sobre algo, etc.
- ⊙ Escribir unha carta ou unha postal sobre asuntos de natureza persoal.
- ⊙ Escribir notas ou pequenas mensaxes a amigos sobre cuestións sinxelas.
- ⊙ Escribir sobre a súa familia, lugares, condicións de vida e experiencias persoais e profesionais.

## 3. Contidos

### 3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas

A persoa que supere este nivel será quen de dar e pedir información xeral e básica sobre persoas, lugares e obxectos; poderá expresar as súas opinións, sentimentos, desexos e preferencias, así como facer suxestións, invitacións e dar instrucións mínimas. Con respecto ao uso social da lingua, saberá saudar, presentarse a alguén, agradecer e pedir perdón.

En relación coa organización do discurso, saberá dirixirse a un interlocutor, iniciar o discurso e finalizalo. Estará en condicións de manter un control da comunicación oral que lle permita sinalar que non entende algo, solicitar unha repetición, pedir que se fale máis a modo e preguntar por unha palabra que non coñece ou esqueceu.

De xeito máis concreto, as funcións comunicativas que debe estar en condicións de desenvolver son as seguintes:

- ⊙ Saudar e responder a un saúdo.
- ⊙ Presentarse e presentar outra persoa.
- ⊙ Concertar unha cita.
- ⊙ Rematar un contacto e despedirse.
- ⊙ Agradecer e desculpase.
- ⊙ Felicitar e responder a unha felicitación.
- ⊙ Manifestar condolencia e solidariedade.
- ⊙ Invitar e responder a invitacións.
- ⊙ Identificar persoas, lugares e obxectos.
- ⊙ Identificar e designar as partes da casa e os obxectos domésticos de uso máis común.
- ⊙ Identificar e designar as partes do corpo humano.
- ⊙ Localizar no espazo un obxecto, persoa ou lugar.
- ⊙ Describir persoas, lugares e obxectos.



- ⊙ Dar e pedir información persoal sobre: lugar de nacemento ou residencia, idade, estado civil, familia, estudos ou profesión, afeccións, estado de saúde.
- ⊙ Pedir e ofrecer información sobre situacións, tarefas e actividades cotiás: enderezos, forma de chegar a un sitio; tempo meteorolóxico; horarios e datas; prezos e fórmulas de pagamento; xestións administrativas e académicas sinxelas; acontecementos e experiencias.
- ⊙ Pedir permiso para facer algo en situacións cotiás.
- ⊙ Ofrecer e pedir axuda, aceptala ou rexeitala.
- ⊙ Expresar e preguntar por estados de ánimo e sentimentos: alegría, tristeza, dor, preocupación, interese, etc.
- ⊙ Expresar coñecemento ou descoñecemento sobre algo.
- ⊙ Expresar propósitos e intencións en relación co futuro próximo.
- ⊙ Mostrar aprobación ou desaprobación e acordo ou desacordo con algo.
- ⊙ Solicitar información, explicacións ou axuda na aula.
- ⊙ Ofrecerse para facer algo.
- ⊙ Informar sobre habilidades e valoralas.
- ⊙ Expresar e preguntar por gustos.
- ⊙ Describir, facer valoracións e comparacións.
- ⊙ Relatar algo en presente e pasado próximo.
- ⊙ Datar momentos e acontecementos.
- ⊙ Referirse a condicións e a circunstancias históricas.

### 3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código

Os saberes relacionados co código lingüístico –gramaticais, fonéticos, ortográficos e léxicos– que se consideran necesarios para desenvolver de xeito satisfactorio as anteriores funcións comunicativas son os que se relacionan no seguinte cadro:

<p><b>Gramática</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Flexión de xénero e de número de substantivos e adxectivos; regras máis comúns de formación do plural.</li> <li>• Concordancia de xénero e de número no grupo nominal.</li> <li>• Diferenzas no uso de nomes comúns e nomes propios.</li> <li>• Artigo determinado e artigo indeterminado: formas e usos.</li> <li>• Contraccións das formas do artigo coas preposicións <i>a, en, con, de</i> e <i>por</i>.</li> <li>• Casos máis usuais de presenza / omisión do artigo.</li> <li>• Formas dos pronomes persoais tónicos en función de suxeito e de complemento.</li> <li>• Usos de <i>ti, vós / vostede, vostedes</i>.</li> <li>• Formas e usos dos pronomes persoais átonos; colocación nas oracións simples: afirmativas, negativas e interrogativas.</li> <li>• Uso dos pronomes reflexivos.</li> <li>• Demostrativos e posesivos: formas, contraccións e usos.</li> <li>• Numerais e ordinais.</li> <li>• Pronomes e adverbios interrogativos de uso máis común: <i>que, quen, cal, cantos, como, onde</i>.</li> <li>• Formas, contraccións e usos dos indefinidos máis usuais: <i>algun, ningún, alguén, ninguén</i>, etc.</li> <li>• Formación, usos e valores máis comúns do indicativo (presente, pretérito, copretérito e futuro), do infinitivo, do xerundio e do participio dos verbos regulares e irregulares máis usuais (<i>ser, estar, facer, saber, querer, ir, vir, haber, poder, ter, deber</i>, etc.).</li> <li>• Uso do imperativo afirmativo.</li> <li>• Perífrases verbais de uso máis habitual: <i>estar + xer. / inf.</i> (duración), <i>ir + inf.</i> (futuro), <i>haber + inf.</i> (obriga), <i>ter que + inf.</i> (obriga).</li> <li>• Formas e usos pronominais dos verbos máis usuais: chamarse, lavarse, vestirse, etc.</li> <li>• Adverbios máis comúns para a expresión de negación, afirmación, modo, tempo, lugar e dirección.</li> <li>• Preposicións, conectores e enlaces de uso máis frecuente.</li> <li>• Construción de frases de estrutura simple.</li> <li>• Construción de oracións simples afirmativas, negativas e interrogativas.</li> </ul>
<p><b>Fonética e ortografía</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Correspondencia entre grafas e fonemas.</li> <li>• Recoñecemento e pronuncia do sistema vocálico.</li> <li>• Recoñecemento e pronuncia dos sons consonánticos.</li> <li>• Entoación afirmativa, negativa e interrogativa.</li> <li>• Regras básicas de acentuación.</li> </ul>
<p><b>Léxico</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nomes de países e xentilicios.</li> <li>• Léxico sobre características físicas de persoas, obxectos e paisaxes: cores, tamaño, forma externa, etc.</li> <li>• Léxico básico sobre estados de ánimo, sentimentos ou carácter.</li> <li>• Os nomes das horas, das partes do día, dos días da semana, dos meses do ano...</li> <li>• Léxico relacionado coa idade, o sexo, o estado civil, o lugar de procedencia...</li> <li>• Léxico para indicar parentesco.</li> <li>• Léxico relacionado coas partes do corpo humano.</li> <li>• Léxico relacionado coas pezas de vestir.</li> <li>• Léxico relacionado coa vivenda, o fogar e o mobiliario doméstico.</li> <li>• Os puntos cardinais e outro vocabulario básico referido á localización no espazo.</li> <li>• Léxico relacionado con agrupamentos poboacionais e tipos de hábitat.</li> <li>• Léxico relacionado con vías públicas, distribución urbana, etc.</li> <li>• Léxico referido a medios e sistemas de comunicación.</li> <li>• Léxico relacionado co medio físico e co relevo.</li> <li>• Léxico relacionado con situacións meteorolóxicas, temperatura, etc.</li> <li>• Léxico básico referido á fauna e á flora.</li> <li>• Léxico máis habitual relacionado con alimentos, bebidas e gastronomía.</li> <li>• Léxico básico relacionado cos seguintes ámbitos: a Administración; a vida académica; os servizos de telefonía, correos, etc.; a saúde e a atención sanitaria; actividades de lecer e tempo libre (deporte, espectáculos, etc.), actividades profesionais máis habituais, etc.</li> <li>• Expresións básicas de saúdo e despedida, tratamento, agradecemento e desculpa, acordo e desacordo, felicitación, condolencia, etc.</li> </ul>

### 3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais

Atendendo ás dúas funcións básicas que cumpren os contidos socioculturais –a de servir de marco situacional das mostras lingüísticas e a de introducir os aprendices no universo sociocultural–, propóñense para este nivel, de xeito unicamente orientativo, varios ámbitos relacionados coa actualidade de Galicia e dos galegos, que se poden converter en tópicos a través dos que observar a vida cotiá na rúa, no contorno laboral ou académico, nos medios de comunicación, etc. Son os seguintes:

- ⊙ Localización xeográfica de Galicia e trazos físicos máis relevantes.
- ⊙ Vida cotiá dos galegos: costumes, horarios, hábitos culinarios, actividades de lecer, etc.
- ⊙ Observación da situación político-social na actualidade: cuestións, preocupacións ou problemas máis relevantes.
- ⊙ Observación da situación cultural na actualidade: feitos ou procesos máis sinalados da vida artística, literaria, etc.
- ⊙ Observación da situación do galego na Galicia actual.



# Celga 2

1. Descrición xeral do nivel.....	29
2. Descrición do nivel segundo as habilidades.....	29
2.1. Comprensión oral.....	29
2.2. Comprensión escrita.....	30
2.3. Expresión oral.....	30
2.4. Expresión escrita.....	31
3. Contidos.....	31
3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas.....	31
3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código.....	33
3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais.....	34



## 1. Descrición xeral do nivel

A persoa que supere o *Celga 2* posuirá un dominio da lingua que lle permita participar con relativa seguridade e eficacia en distintas situacións de comunicación cotiá, do traballo e do estudo, que requiran un uso da lingua fundamentalmente previsible. Comprenderá sen dificultade mensaxes orais e escritas referidas a ese tipo de contextos e será quen de producir textos breves, tanto oralmente coma por escrito, para describir, relatar, preguntar ou responder sobre cuestións que se refiran a eses ámbitos.

No que respecta ao uso do código, terá un dominio básico da lingua na súa realización estándar, que se manifestará na utilización correcta das estruturas morfosintácticas básicas da lingua e do vocabulario asociado cos temas propios deses contextos comunicativos: as relacións interpersoais, as institucións, a climatoloxía, o contorno físico, etc.

## 2. Descrición do nivel segundo as habilidades

### 2.1. Comprensión oral

Comprenderá as ideas principais dun discurso claro en lingua estándar que trate temas cotiáns relativos ao ámbito laboral, académico ou de lecer, tanto que responda a unha tipoloxía descritiva coma expositiva ou narrativa.

De xeito máis concreto, será quen de comprender mensaxes orais como as seguintes:

- ⊙ Intervencións simples de carácter social que permitan manter un contacto con outra persoa, poñendo en práctica habilidades sociais como presentarse ou despedirse.
- ⊙ Informacións referidas á identificación e caracterización persoal: relacións familiares, profesionais, estudos, ocupación do tempo de lecer.
- ⊙ Informacións de certa complexidade sobre orientación e situación no espazo e sobre horarios ou datas do calendario.
- ⊙ Informacións e explicacións nunha visita turística.
- ⊙ Informacións referidas a distintos dominios transaccionais: aloxamento, alimentación, compras, saúde e servizos (correos, bancos, etc.).
- ⊙ Informacións e opinións sobre aspectos da vida persoal e social dun interlocutor ou doutra persoa que non participa na comunicación, así como sobre acontecementos da actualidade.
- ⊙ Explicacións sinxelas sobre un tópico escolar en contextos como unha aula, un seminario ou unha reunión.
- ⊙ Instrucións nas aulas para a realización de tarefas académicas.

## 2.2. Comprensión escrita

Comprenderá textos breves en lingua estándar relacionados coa vida cotiá que informen sobre acontecementos ou transmitan opinións, desexos ou ordens. Tamén poderá ler textos sinxelos sobre temas do seu ámbito académico ou profesional, cun nivel de comprensión satisfactorio.

De xeito máis detallado, estará en condicións de ler e entender textos como os seguintes:

- ⊙ A carta dun restaurante, identificando compoñentes, prezos, etc.
- ⊙ Informacións ou instrucións en formularios, anuncios, folletos, visitas turísticas e sobre hoteis ou alugamento.
- ⊙ Cartas e mensaxes de correo electrónico, tanto de carácter persoal coma non persoal.
- ⊙ Descricións de persoas e lugares.
- ⊙ Relatos de feitos, acontecementos e experiencias.
- ⊙ Informacións, anuncios e opinións claras sobre temas de actualidade emitidas nos medios de comunicación.
- ⊙ Informacións e instrucións nos prospectos dos medicamentos.
- ⊙ Folletos de divulgación e publicitarios de carácter comercial.
- ⊙ Escritos breves relativos á súa área profesional.
- ⊙ Textos breves relacionados co seu ámbito académico ou profesional, aínda que o ritmo de lectura sexa lento e atope dificultades puntuais de comprensión.

## 2.3. Expresión oral

Poderá realizar cun grao razoable de fluidez e claridade descrições, narracións e exposicións breves sobre diversos temas do seu interese e presentalos coma unha secuencia lineal de elementos. Será capaz tamén de pedir e dar informacións sinxelas sobre aspectos da vida cotiá e profesional.

Máis en concreto, estará en condicións de resolver de xeito satisfactorio situacións de comunicación oral como as seguintes:

- ⊙ Intervir en intercambios comunicativos relacionados coas relacións sociais.
- ⊙ Dar información sobre identificación e caracterización persoal: relacións familiares, profesionais, estudos, ocupación do tempo de lecer.
- ⊙ Reservar aloxamento por teléfono e participar na maior parte das situacións comunicativas previsibles durante a estadía nun hotel.
- ⊙ Informarse sobre prezos e realizar compras en superficies comerciais, tendas ou calquera outro tipo de establecemento.
- ⊙ Pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre pratos dunha carta e sobre formas de pagamento ou facer reclamacións dun xeito sinxelo.



- ⊙ Participar en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.
- ⊙ Solicitar informacións simples nunha oficina de turismo ou nunha visita guiada, sobre a localización dun lugar ou como dirixirse a el.
- ⊙ Pedir unha cita por teléfono, dar unha explicación simple sobre un problema de saúde ou sobre un tema profesional.
- ⊙ Intervir nunha conversa informal sobre experiencias persoais, centros de interese, acontecementos da actualidade, expresando opinións e sentimentos.
- ⊙ Solicitar informacións simples relacionadas con cuestións administrativas ou académicas.

## 2.4. Expresión escrita

En relación co uso da lingua escrita, será capaz de producir textos sinxelos e cohesionados sobre unha serie de temas cotiáns dentro do seu campo de interese, enlazando distintos elementos breves nunha secuencia lineal. En concreto, estará en condicións de:

- ⊙ Escribir notas, postais e cartas persoais que poden incluír a descrición de persoas ou espazos, o relato de acontecementos, a expresión de opinións ou desexos.
- ⊙ Escribir cartas dirixidas a institucións ou entidades; por exemplo, para confirmar un aloxamento, para pedir información sobre un curso, etc.
- ⊙ Cubrir impresos que requiran dar conta de datos persoais e profesionais; describir brevemente situacións ou acontecementos.
- ⊙ Redactar documentos breves relacionados coa súa área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión dos textos.
- ⊙ Tomar notas durante unha reunión, unha conferencia ou unha aula para fins só persoais.
- ⊙ Tomar notas a partir de fontes escritas, aínda que sexa con algunhas inexactitudes.
- ⊙ Elaborar un resumo esquemático dunha clase, conferencia ou reunión de traballo.

## 3. Contidos

### 3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas

Como manifestación das habilidades anteriores, neste nivel a persoa será quen de transmitir información emitida por outros e de relacionar a información mediante a expresión da causa, a consecuencia, a condición e a finalidade. Tamén poderá expresar a súa opinión xustificándoa e argumentándoa, así como facer valoracións e xuízos, aínda que de xeito sinxelo.

Poderá expresar a posibilidade e imposibilidade e tamén sentimentos de alegría, sorpresa, pena ou temor.

Con respecto aos usos sociais da lingua, estará en condicións de reaccionar ante un agradecemento e unha desculpa, saberá preguntar polo estado de saúde ou de ánimo do interlocutor e participar en intercambios sociais da vida cotiá: convidar ou ser convidado ou concertar unha cita. Saberá dar instrucións para que os outros fagan algo e transmitir pedimentos, encargos ou mensaxes.

En relación coa organización do discurso, saberá introducir un tema ou opinión e destacar determinados aspectos, así como finalizar unha intervención ou unha conversa xeral.

Canto ao control da comunicación oral, poderá mostrar que está seguindo a intervención dos outros, animar para que continúen falando, autocorrixirse ou indicar que non entendeu o significado ou a intención do falante, etc.

Ademais das funcións comunicativas sinaladas para o nivel *Celga 1*, que se verán ampliadas no ámbito de uso nas que se activan e aumentando a complexidade lingüística coa que se realizan, especialmente desde o papel de emisor na elaboración de discursos orais e escritos, o aprendiz debe estar en condicións de:

- ⊙ Dar e pedir información sobre as persoas, atendendo ao aspecto físico e ao carácter.
- ⊙ Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas.
- ⊙ Desculparse por algo e reaccionar ante unha desculpa.
- ⊙ Escribir notas de agradecemento ou desculpa.
- ⊙ Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo.
- ⊙ Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento.
- ⊙ Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.
- ⊙ Expresar gustos, afeccións, teimas, etc.
- ⊙ Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade, etc.
- ⊙ Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico.
- ⊙ Demandar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión.
- ⊙ Explicar os síntomas dunha enfermidade.
- ⊙ Falar do futuro e facer hipóteses.
- ⊙ Relatar accións e circunstancias pasadas.
- ⊙ Dar e pedir información sobre sucesos pasados.
- ⊙ Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida.
- ⊙ Pedir e ofrecer consellos e recomendacións.
- ⊙ Solicitar información sobre servizos.
- ⊙ Protestar e reclamar por un servizo.
- ⊙ Presentar unha queixa ou unha reclamación.
- ⊙ Dar e pedir información con distintos graos de seguridade.
- ⊙ Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas.
- ⊙ Emitir opinións breves sobre persoas, feitos ou situacións.

- ⊙ Analizar comportamentos e situacións.
- ⊙ Valorar sucesos pasados.
- ⊙ Falar de sensacións e dificultades na aprendizaxe de linguas.
- ⊙ Relatar experiencias na aprendizaxe de linguas.

### 3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código

Os saberes relacionados co código lingüístico –gramaticais, fonéticos, ortográficos e léxicos– que se consideran necesarios para desenvolver de xeito satisfactorio as anteriores funcións comunicativas son os que se relacionan no seguinte cadro:

<b>Gramática</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todas as estruturas do nivel anterior.</li> <li>• Flexión de xénero e número de substantivos e de adxectivos: casos particulares.</li> <li>• Posición e gradación do adxectivo; a comparación.</li> <li>• Concordancia dos elementos oracionais.</li> <li>• Presenza / ausencia do artigo determinado.</li> <li>• Usos e valores doutros determinantes: demostrativos, posesivos, indefinidos, interrogativos.</li> <li>• Pronomes persoais tónicos: formas con función de complemento; uso das formas ligadas e das variantes (<i>comigo, contigo, connosco / con nós, convosco / con vós, consigo / con eles-elas</i>); presenza / ausencia do pronome de primeira persoa.</li> <li>• Pronomes persoais átonos: posición en oracións dependentes; concorrencia de varias formas; o pleonasma de OI, distribución de acusativo e dativo.</li> <li>• Pronomes interrogativos directos e indirectos.</li> <li>• Uso dos pronomes relativos (con e sen preposición).</li> <li>• Numerais e ordinais (acompañantes e pronomes).</li> <li>• Usos de <i>se</i>: impersonalidade e involuntariedade..</li> <li>• Formas e usos dos demostrativos neutros.</li> <li>• Pronomes e determinantes indefinidos.</li> <li>• Formación, usos e valores dos tempos de indicativo (pospretérito, antepretérito) e do presente de subxuntivo dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes.</li> <li>• Uso do imperativo afirmativo e negativo.</li> <li>• Perífrases verbais máis frecuentes: <i>poder + inf.</i> (obriga), <i>deber (de) + infinitivo</i> (obriga), <i>haber + inf.</i> (obriga), <i>ter + part.</i> (aspecto), <i>andar + xer.</i>, <i>ir + xer</i>, <i>estar para + inf.</i>, <i>poñerse a + inf.</i>, etc.</li> <li>• Uso das formas temporais e perifrásticas na expresión de mandato, desexo, tempo futuro, dúbida, hipótese, finalidade, causa, etc.</li> <li>• Correlación temporal na oración.</li> <li>• Expresión da impersonalidade (<i>se</i>, 3ª persoa, pasiva).</li> <li>• Uso do pronome reflexivo.</li> <li>• Adverbios: formas e usos; variantes apocopadas.</li> <li>• Rexencias preposicionais de verbos e adxectivos máis frecuentes.</li> <li>• Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais.</li> <li>• Conectores apropiados para a expresión das funcións comunicativas deste nivel.</li> <li>• Construción de frases de estrutura complexa.</li> <li>• Construción de oracións coordinadas e subordinadas: copulativas, adversativas, disxuntivas, explicativas, finais; coordinación en oracións afirmativas e negativas.</li> <li>• Construción de oracións subordinadas con subxuntivo e infinitivo.</li> <li>• Construción pasiva (<i>se</i>, perífrase).</li> <li>• Construción do estilo indirecto.</li> </ul>
------------------	--

<b>Fonética e ortografía</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecemento e pronuncia do sistema fonolóxico completo.</li> <li>• Regras de acentuación (acento de intensidade e acento diacrítico).</li> <li>• Entoación nos diálogos.</li> <li>• Uso dos signos de puntuación.</li> <li>• Separación de sílabas na escrita.</li> </ul>
<b>Léxico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Léxico do aspecto físico.</li> <li>• Léxico do carácter.</li> <li>• Léxico de sentimentos e estados de ánimo.</li> <li>• Léxico sobre obxectos de uso cotián.</li> <li>• Léxico sobre lugares e actividades de lecer.</li> <li>• Léxico sobre estados de saúde e sobre as partes do corpo.</li> <li>• Léxico de enfermidades e accidentes.</li> <li>• Léxico de establecementos, produtos e servizos.</li> <li>• Léxico sobre tecnoloxía e medio natural.</li> <li>• Léxico sobre economía, sociedade, xeografía.</li> <li>• Léxico sobre aprendizaxe de linguas.</li> <li>• Léxico relacionado co mundo laboral.</li> <li>• Expresións para desculparse, aconsellar, expresar tempo, etc.</li> </ul>

### 3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais

Co mesmo criterio orientativo que se formulaba no *Celga 1*, neste nivel poden incluírse outras dimensións da actualidade de Galicia e iniciar un achegamento á historia social e cultural. Esta aproximación será, en todo caso, simple, panorámica e selectiva, identificando simplemente os feitos máis singulares e definidores dese pasado, coa función subsidiaria de que sirvan de soporte para a interacción comunicativa e para unha mellor comprensión do universo sociocultural no que se desenvolve a lingua galega.

Os eixes vertebradores deste percorrido histórico serán os mesmos que propuñamos para o *Celga 1*: o territorio, as institucións e a realidade político-social, cultural e sociolingüística, tal como se recollen nos seguintes enunciados:

- ⊙ Hábitat, distribución da poboación, demografía, etc. O rural e o urbano; as cidades galegas.
- ⊙ Organización educativa e institucións académicas. Organización sanitaria e servizos de saúde, etc.
- ⊙ Acontecementos e procesos político-sociais máis relevantes da historia de Galicia.
- ⊙ Acontecementos e procesos culturais máis relevantes da historia de Galicia.
- ⊙ Acontecementos e procesos máis relevantes na historia social do galego.

# Celga 3

1. Descrición xeral do nivel.....	37
2. Descrición do nivel segundo as habilidades.....	37
2.1. Comprensión oral.....	37
2.2. Comprensión escrita.....	38
2.3. Expresión oral.....	38
2.4. Expresión escrita.....	39
3. Contidos.....	40
3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas.....	40
3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código.....	41
3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais.....	43



## 1. Descrición xeral do nivel

A persoa que supere o *Celga 3* posuirá un dominio da lingua que lle permita intervir nun conxunto variado de situacións de comunicación. As estruturas gramaticais e léxicas que utilizará proporcionaranlle a suficiente flexibilidade e capacidade para usar a lingua en situacións menos previsibles.

Comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá os elementos principais dos secundarios. Será capaz de producir textos comprensibles e cun grao alto de corrección normativa sobre temas diversos e tamén poderá defender un punto de vista sobre cuestións xerais, indicando os proles e os contras das distintas opcións. Poderá desenvolverse sen moitas dificultades en contextos en que o galego é lingua de traballo e interacción, polo que estará en condicións, por exemplo, de participar en cursos académicos ou en intercambios universitarios en Galicia.

## 2. Descrición do nivel segundo as habilidades

### 2.1. Comprensión oral

Comprenderá as ideas principais dun discurso lingüisticamente complexo que trate tanto temas concretos coma abstractos pronunciados nun nivel de lingua estándar e poderá incluír debates dentro da súa especialidade. Identificará en discursos extensos as liñas de argumentación, sempre que o tema sexa razoablemente coñecido e o desenvolvemento se facilite con marcadores explícitos.

Máis en concreto, será capaz de comprender mensaxes relacionadas coa vida cotiá, académica e laboral, como as seguintes:

- ⊙ Conversas de carácter xeral sobre un conxunto de temas variados pouco previsibles.
- ⊙ Consellos médicos.
- ⊙ Informacións e avisos feitos en lugares públicos.
- ⊙ Noticias da televisión co apoio da imaxe ou os aspectos principais dos programas de radio nos que a temática é de interese xeral ou coñecida.
- ⊙ As explicacións do guía nunha visita turística ou de traballo.
- ⊙ As ideas principais dunha actividade académica (conferencia, clase ou seminario), sempre que se trate dunha temática coñecida.
- ⊙ Conversas, explicacións ou debates sobre temas da súa área profesional.
- ⊙ Conversas nas que a argumentación é o eixe que os define, aínda que con algunha limitación.

## 2.2. Comprensión escrita

Será quen de ler de xeito comprensivo e cun alto grao de autonomía textos variados, sempre que non traten de temáticas especializadas ou utilicen unha linguaxe específica. Terá un amplo vocabulario de lectura e dominará as estruturas sintácticas básicas, aínda que siga tendo dificultades cos períodos sintácticos complexos. A súa capacidade lectora permitiralle, ademais, adaptar o estilo da lectura na gama de textos máis habituais á distinta tipoloxía ou finalidade dos textos máis habituais.

De xeito máis detallado, será capaz de comprender textos escritos da vida cotiá, laboral e académica como os seguintes:

- ⊙ Cartas ou anotacións persoais, aínda que utilicen algún modismo ou expresión coloquial de uso moi frecuente.
- ⊙ Diferentes tipos de textos dos medios de comunicación, tanto se son de información e temática xeral coma se se relacionan coas áreas específicas do seu interese.
- ⊙ Instrucións sobre o funcionamento de aparellos domésticos.
- ⊙ Normas sobre como comportarse nunha situación determinada.
- ⊙ Formularios administrativos sobre cuestións diversas.
- ⊙ Cartas ou escritos da súa área profesional.
- ⊙ Relatorios sobre unha área coñecida e o sentido xeral dun artigo de temática descoñecida ou pouco coñecida.
- ⊙ Instrucións e descrições de produtos relacionados coa súa área profesional.
- ⊙ Textos relativos a materias de cursos de formación académica.
- ⊙ Textos literarios sinxelos.

## 2.3. Expresión oral

Será capaz de realizar descrições, narracións e exposicións sobre persoas, situacións ou acontecementos da vida cotiá ou profesional máis próxima, resaltando adecuadamente os aspectos significativos e os detalles relevantes que sirvan de apoio. Terá un nivel de lingua amplo abondo como para expresarse en todas estas situacións con bastante claridade e eficacia e sen evidenciar dificultades importantes para construír o seu discurso.

Demostrará un control gramatical relativamente alto e saberá empregar oracións de certa complexidade. Non cometerá erros que provoquen a incomprensión e corraxirá case todas as súas incorreccións. Será capaz de producir fragmentos de discurso cun ritmo bastante uniforme, aínda que poida dudar mentres busca algunhas estruturas ou expresións, pero sen que se aprecien pausas ou silencios moi marcados. Saberá iniciar o discurso, tomar a quenda de palabra no momento adecuado e finalizar unha conversa cando teña que facelo, aínda que poida que non o realice sempre da maneira máis axeitada. Colaborará en debates que traten temas cotiáns, confirmando a súa comprensión, invitando os demais a participar, etc.



Empregará os mecanismos de cohesión máis habituais para converter as súas frases nun discurso claro e coherente, aínda que mostre certa inseguridade se a intervención é longa.

Máis en concreto, estará en condicións de resolver de xeito satisfactorio situacións de comunicación oral coma as seguintes:

- ⊙ Solicitar o reembolso ou o troco de produtos en áreas de servizo relativas ao aloxamento, comida ou comercio, pedir información ou aclaración sobre algo, expresar agrado ou desagrado co servizo ou facer reclamacións.
- ⊙ Noutros espazos de comunicación de dominio transaccional, como os sanitarios, explicar os síntomas relacionados cunha doenza, pedir información sobre os servizos de saúde existentes e a posibilidade de tratamento.
- ⊙ En conversas e debates sobre temas da vida cotiá ou de actualidade, expresar e argumentar opinións, aínda que con algunhas limitacións e dificultades.
- ⊙ Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, nunha visita guiada.
- ⊙ Orientar visitas e responder preguntas sobre espazos ou lugares.
- ⊙ Pedir e dar información sobre temas coñecidos.
- ⊙ Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas, aínda que poida ter algunha dificultade se aquelas son moi complexas.
- ⊙ Facer preguntas nunha conferencia, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
- ⊙ Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido.

## 2.4. Expresión escrita

Será capaz de escribir textos claros e estruturados sobre unha ampla serie de temas do seu interese ou relacionados coa vida cotiá, aínda que de extensión e complexidade limitada.

Terá un notable dominio do código ortográfico, da norma morfosintáctica e do vocabulario máis común, o que lle permitirá construír textos cun grao elevado de corrección e precisión. Utilizará con eficacia os procedementos de cohesión máis habituais, de maneira que os textos mostrarán unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

En concreto, estará en condicións de:

- ⊙ Escribir cartas e correos electrónicos relatando feitos, experiencias e valoracións sobre acontecementos diversos da vida cotiá.
- ⊙ Redactar informes breves sobre temas de actualidade ou relacionados coa súa actividade profesional, aínda que requiran ser revisados se esixen un alto grao de precisión.
- ⊙ Describir, de xeito preciso e bastante detallado, unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
- ⊙ Expoñer por escrito, de maneira sinxela, opinións sobre textos lidos ou oídos previamente ou sobre situacións vividas con anterioridade.

- ⊙ Sintetizar ou reformular en escritos breves informacións dos medios de comunicación ou da vida cotiá.
- ⊙ Escribir textos ao ditado, sempre que o ritmo sexa adecuado e sempre que teña tempo de verificar o que está a escribir.
- ⊙ Tomar notas nunha conferencia, aula ou seminario sobre cuestións de actualidade ou sobre temas da súa especialidade.
- ⊙ Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

## 3. Contidos

### 3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas

Neste nivel poderá ofrecer unha información xeral sinalando oposicións e contrastes, ademais de sinalar procesos, resultados e circunstancias. Na expresión de sentimentos poderá queixarse e lamentarse, amosar sorpresa, interese ou desinterese; na emisión de opinións saberá expoñer e defender posturas persoais, así como xulgar e valorar tomas de postura alleas.

Con respecto ao coñecemento e grao de seguridade en algo, será quen de expresar dúbidas e reservas e de invitar o seu interlocutor a que formule hipóteses; en relación cos usos sociais da lingua, poderá facer cumprimentos e devovelos e tamén presentar reclamacións ou protestas.

No tocante ao control da comunicación oral, poderá facilitarlle palabras ou expresións ao seu interlocutor e tamén apoiarse nas emitidas por este último.

Ademais das funcións comunicativas sinaladas para o nivel *Celga 1* e *Celga 2*, que se verán ampliadas no ámbito de uso nas que se activan e aumentando a complexidade lingüística coa que se realizan, especialmente desde o papel de emisor na elaboración de discursos orais e escritos, a persoa que supere o *Celga 3* debe estar en condicións de:

- ⊙ Pedir opinións e valoracións sobre algo ou alguén.
- ⊙ Narrar un recordo empregando tempos do pasado remoto.
- ⊙ Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- ⊙ Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos.
- ⊙ Redactar textos de ámbito académico.
- ⊙ Entender e aventurar un diagnóstico simple.
- ⊙ Localizar e describir unha dor.
- ⊙ Desenvolverse con soltura nos comercios.
- ⊙ Poñer condicións para unha acción futura.
- ⊙ Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.

- ⊙ Construír argumentos razoados.
- ⊙ Expresar queixas, demandas e suxestións.
- ⊙ Comparar e contrastar alternativas.
- ⊙ Negociar un acordo.
- ⊙ Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.
- ⊙ Sintetizar unha información.
- ⊙ Mostrar sorpresa e admiración.
- ⊙ Especular sobre causas e consecuencias.
- ⊙ Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.
- ⊙ Expresar dúbidas.
- ⊙ Facer correccións, aclaracións, rectificacións, etc.
- ⊙ Expresar hipóteses e probabilidades no pasado.
- ⊙ Describir cambios de personalidade.
- ⊙ Recordarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo.
- ⊙ Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos.
- ⊙ Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística, etc.
- ⊙ Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.
- ⊙ Discutir sobre a información recibida.

### 3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código

Neste nivel, os contidos lingüísticos deben referirse xa ao conxunto do sistema e ser obxecto da sistematización necesaria para entender o funcionamento global do código. Para iso, desenvolveranse, por exemplo, cuestións de construción, así como de morfoloxía e usos dos distintos tempos verbais e doutras categorías gramaticais.

No que se refire á organización discursiva, recoñecerá e empregará os marcadores do discurso axeitados á súa produción.

De xeito máis detallado, os saberes relacionados co código lingüístico –gramaticais, fonéticos, ortográficos e léxicos– que se consideran necesarios para desenvolver de xeito satisfactorio as anteriores funcións comunicativas son os que se relacionan no seguinte cadro:

<p><b>Gramática</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todas as estruturas dos niveis anteriores.</li> <li>• Casos especiais na flexión de xénero e número.</li> <li>• Substantivos e adxectivos; substantivos con xéneros diferentes, nomes usados en plural; substantivación do adxectivo; graos do adxectivo.</li> <li>• Formación de palabras: derivación e composición (formas e significados).</li> <li>• Cambio na posición do adxectivo e cambio de significado (<i>home bo / bo home</i>).</li> <li>• Artigos e indefinidos: secuencias de determinantes (<i>este meu amigo, algunha outra solución, etc.</i>).</li> <li>• Usos especiais dos posesivos: ausencia / presenza de artigo (distributivos); <i>de meu, de teu, etc.</i>; <i>cadanseu, etc.</i></li> <li>• Numerais e indefinidos: cantidades aproximadas, partitivos, aproximativos, etc.</li> <li>• Sistema pronominal: valores, usos e posición de formas tónicas e átonas; diferenza no uso entre <i>nós/nosoutros, vós/vosoutros</i>.</li> <li>• Colocación dos pronomes átonos nos complexos verbais (perífrases, verbo + infinitivo): <i>téño que facer, etc.</i>; <i>seino facer / sei facelo, etc.</i></li> <li>• Usos de <i>se</i>: reflexivo, pronominal, impersonalidade, pasiva, etc.</li> <li>• Formación, usos e valores dos tempos de indicativo e subxuntivo (pretérito) dos verbos regulares e irregulares.</li> <li>• Perífrases verbais de infinitivo, de xerundio e de participio.</li> <li>• Formas e usos dos participios irregulares.</li> <li>• Usos do infinitivo conxugado.</li> <li>• Uso das formas temporais e perifrásticas na expresión de hipótese, dúbida, condición, suxestión, desexo, etc.</li> <li>• Correlacións temporais: pasado / presente / futuro, probabilidade no presente e no pasado.</li> <li>• Correlación temporal na oración e no discurso.</li> <li>• Usos e valores de preposicións e locucións prepositivas.</li> <li>• Formas e usos de adverbios e locucións adverbiais.</li> <li>• Estructuras comparativas: <i>ca, do que, coma, como, etc.</i></li> <li>• Conectores de inicio, exemplificación, explicación, reformulación, conclusión, etc.</li> <li>• Construción de frases e oracións de estrutura complexa.</li> <li>• Conxuncións coordinantes e subordinantes para expresar as funcións comunicativas deste nivel.</li> <li>• Cambio de orde dos constituíntes da oración.</li> </ul>
<p><b>Fonética e ortografía</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronuncia de ditongos e hiatos.</li> <li>• Realizacións dos fonemas consonánticos (distribucións das nasais, oclusivas / aproximantes, etc.).</li> <li>• Coñecemento das principais variedades fonéticas do galego.</li> <li>• Pronuncia dos encontros vocálicos</li> <li>• Silabación: pronuncia e representación escrita.</li> <li>• Entoación dos distintos tipos de enunciados.</li> <li>• Uso de maiúsculas e minúsculas.</li> </ul>
<p><b>Léxico</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Léxico da vestimenta.</li> <li>• Léxico de hostalaría.</li> <li>• Léxico académico.</li> <li>• Léxico de medicina e farmacia.</li> <li>• Léxico de lecer e tempo libre.</li> <li>• Léxico comercial.</li> <li>• Léxico de comidas e bebidas.</li> <li>• Léxico administrativo.</li> <li>• Léxico do medio natural.</li> <li>• Léxico do traballo.</li> <li>• Léxico festivo.</li> <li>• Léxico do mundo da cultura.</li> <li>• Léxico de espectáculos.</li> <li>• Léxico de informática.</li> <li>• Léxico de fórmulas de correspondencia.</li> </ul>

### 3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais

Neste nivel, as cuestións temáticas serán presentadas de xeito que aborden ámbitos da vida social e cultural cunha maior profundidade e reflexión, para conseguir que os aprendices poidan non só recibir información, senón tamén argumentar a partir dela e adquirir unha visión real e libre de prexuízos sobre a realidade galega.

Co mesmo criterio orientativo ca nos niveis anteriores e buscando unha progresión crecente no detalle, no *Celga 3* pódese realizar un achegamento selectivo –pero de maior complexidade– aos feitos políticos, sociais e culturais da historia recente de Galicia. Esta aproximación seguirá tendo, en todo caso, só a función de servir de soporte para a interacción comunicativa e para unha máis rigorosa comprensión do universo sociocultural en que se desenvolve a lingua.

Os eixes vertebradores serán os mesmos ca en *Celga 1* e en *Celga 2*, tal como se recollen nos seguintes enunciados:

- ⊙ Economía: principais sectores produtivos, mundo empresarial, etc.
- ⊙ Organización política e administrativa. Institucións de goberno, partidos políticos, etc.
- ⊙ Revisión da situación política e social de Galicia no pasado recente e na actualidade.
- ⊙ Revisión da situación cultural de Galicia no pasado recente e na actualidade.
- ⊙ Revisión da situación lingüística de Galicia no pasado recente e na actualidade.



# Celga 4

1. Descrición xeral do nivel.....	47
2. Descrición do nivel segundo as habilidades.....	47
2.1. Comprensión oral.....	47
2.2. Comprensión escrita.....	47
2.3. Expresión oral.....	48
2.4. Expresión escrita.....	49
3. Contidos.....	49
3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas.....	49
3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código.....	50
3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais.....	52





## 1. Descrición xeral do nivel

A persoa que supere o *Celga 4* será capaz de comprender unha ampla variedade de textos orais e escritos extensos e cun alto nivel de dificultade. Poderá expresarse de forma bastante fluída e espontánea en distintos contextos comunicativos (persoal, público e académico), sen mostrar moita dificultade para encontrar as expresións máis axeitadas. Será capaz de producir textos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade e para distintos fins. Mostrará un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica, así como dos mecanismos máis comúns de organización e cohesión textual.

## 2. Descrición do nivel segundo as habilidades

### 2.1. Comprensión oral

Será capaz de seguir sen apenas dificultades un discurso extenso sobre temas moi diversos. Terá poucas dificultades para entender e seguir os discursos descontextualizados e mesmo pouco estruturados.

Máis en concreto, será capaz de comprender mensaxes relacionadas coa vida cotiá, académica e laboral, como as seguintes:

- ⊙ Conversas e interaccións orais espontáneas en contextos diversos.
- ⊙ Conversas e debates entre terceiras persoas sobre temas descoñecidos e complexos.
- ⊙ Textos informativos que teñan pouca calidade acústica, en ámbitos públicos nos que se facilita información específica (estacións, aeroportos, etc.).
- ⊙ Explicacións sobre o funcionamento de aparellos e as características de produtos e servizos cotiáns.
- ⊙ Textos gravados transmitidos fóra do contexto habitual.
- ⊙ Discursos televisivos e radiofónicos de diversos tipos: informativos, entrevistas, programas de entretemento e de actualidade, etc.
- ⊙ Presentacións, conferencias e debates sobre temas de actualidade.

### 2.2. Comprensión escrita

Demostrará capacidade para ler e entender distintos textos escritos extensos e de bastante complexidade que traten temáticas xerais ou da súa especialidade, aínda que teña que volver sobre as partes máis difíciles. Será capaz de extraer a información máis relevante de textos expositivos e a tese e argumentos de textos de opinión e poderá, ademais, en todos eles, identificar sen moita dificultade a estrutura e as partes en que están organizados.

De xeito máis detallado, estará en condicións de ler e entender textos do seguinte tipo:

- ⊙ Correspondencia persoal e profesional especializada.
- ⊙ Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos, empregando esporadicamente o dicionario.
- ⊙ Instrucións extensas e complexas sobre o funcionamento de aparellos domésticos, volviendo sobre as seccións máis difíciles.
- ⊙ Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade, identificando sen dificultade as ideas centrais e as liñas argumentais básicas.
- ⊙ Textos literarios cun nivel medio de complexidade lingüística, estrutural e temática.

### 2.3. Expresión oral

Utilizará oralmente a lingua de maneira bastante fluída e demostrará o dominio dunha serie de recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con claridade sobre unha gran variedade de temas xerais, profesionais, académicos e de lecer. Saberá manter unha conversa con fluidez e espontaneidade, mostrando algunha dificultade unicamente nos temas que lle resulten alleos. Poderá producir discursos claros, ben estruturados e axustados á norma estándar.

Máis en concreto, estará en condicións de resolver de xeito satisfactorio situacións de comunicación oral coma as seguintes:

- ⊙ Realizar presentacións e descrições claras e detalladas sobre temas diversos.
- ⊙ Organizar os seus discursos e intervencións, de maneira que se distinguan as súas ideas das tomadas por outras persoas.
- ⊙ Participar en conversas nas que teña que poñer en relación as súas opinións coas expresadas por outras persoas.
- ⊙ Empregar o idioma con eficacia e flexibilidade para expresar a súa opinión e os seus sentimentos.
- ⊙ Negociar unha solución de conflitos: desculparse, reclamar, pedir responsabilidades, etc.
- ⊙ Intervir en debates nos que se traten temas de certa complexidade e pouco coñecidos.
- ⊙ Defender o seu punto de vista e argumentar con convencemento.
- ⊙ Responder a preguntas de forma fluída, espontánea e adecuada ao contexto.
- ⊙ Participar nunha entrevista, como entrevistado e como entrevistador.
- ⊙ Discutir sobre problemas laborais e económicos, sobre accidentes, sobre enfermidades e coidados médicos, sobre cuestións académicas ou sobre calquera tema de actualidade.

## 2.4. Expresión escrita

Mostrará capacidade para escribir textos de certa complexidade cun estilo claro e fluído e fará un uso adecuado da norma estándar, mesmo introducindo certas modulacións en función do interlocutor e da finalidade do discurso. Non terá dificultade para destacar as ideas principais e para expoñer axeitadamente as súas opinións. Manterá un nivel de corrección alto e terá poucas dificultades ortográficas e de escasa relevancia.

En concreto, estará en condicións de:

- ⊙ Redactar notas, cartas, correos electrónicos dirixidos a distintos destinatarios e con diferente finalidade.
- ⊙ Escribir sobre temas complexos e dun xeito claro e ben estruturado.
- ⊙ Redactar comunicados oficiais ou dirixidos a moitas persoas.
- ⊙ Describir con precisión obxectos, persoas e situacións.
- ⊙ Expresar experiencias e sentimentos cun estilo adecuado á finalidade e ao destinatario.
- ⊙ Redactar exames e traballos académicos de distinta natureza.
- ⊙ Elaborar resumos, paráfrases e comentarios críticos de textos informativos e expositivos.

## 3. Contidos

### 3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas

Neste nivel, a persoa poderá falar de cambios e transformacións e tamén valorar experiencias propias e alleas. Na transmisión da súa información, poderá expresar distintos graos de coñecemento e certeza; na expresión de sentimentos será capaz de transmitir desexos e preferencias, desilusión, fastío, nostalxia, rexeitamento ou indignación, entre outros. Será quen de facer invitacións e suxestións e de dar instrucións con bastante precisión.

Con respecto ao control da comunicación oral, será capaz de indicar que a intervención está sendo malinterpretada, poderá pedir un cambio de tema e empregar os mecanismos lingüísticos pertinentes para o control na quenda de palabra.

Ademais das funcións comunicativas sinaladas para o nivel *Celga 1*, *Celga 2* e *Celga 3*, que se verán ampliadas no ámbito de uso nas que se activan e aumentando a complexidade lingüística coa que se realizan, especialmente desde o papel de emisor na elaboración de discursos orais e escritos, a persoa que supere o *Celga 4* debe estar en condicións de:

- ⊙ Facer a presentación de alguén en público e dar información detallada.
- ⊙ Dar ánimos e tranquilizar a alguén.

- ⊙ Mostrar agradecemento e malestar de xeito formal.
- ⊙ Aclarar malas interpretacións.
- ⊙ Expresar xuízos e valoracións sobre experiencias propias e alleas.
- ⊙ Lamentarse por un suceso.
- ⊙ Expresar estrañeza e asombro.
- ⊙ Recoñecer información específica de declaracións percibidas con pouca calidade.
- ⊙ Reprochar, ameazar e mostrar incredulidade, incompreensión e indignación.
- ⊙ Expoñer e xustificar tomas de decisións, posturas, ideas, etc.
- ⊙ Responder a preguntas sobre sucesos e experiencias propias e alleas.
- ⊙ Desmentir e confirmar unha información.
- ⊙ Expresar dúbidas ou reservas sobre algunha afirmación.
- ⊙ Argumentar e negociar.
- ⊙ Comparar ideas, argumentos e puntos de vista.
- ⊙ Reproducir diferentes puntos de vista sobre un tema.
- ⊙ Extraer as ideas principais e identificar argumentos en debates, discursos e textos extensos de estrutura complexa.
- ⊙ Valorar a capacidade comunicativa nun mesmo e noutras persoas.
- ⊙ Valorar accións, logros e características das persoas.
- ⊙ Describir cambios na vida de alguén.
- ⊙ Xustificar ou criticar comportamentos.

### 3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código

Neste nivel inclúiranse contidos lingüísticos de maior especialización e de uso máis específico, ao mesmo tempo que se profundará na comprensión do funcionamento do código como un todo interrelacionado.

Trataranse, entre outras cuestións, a correlación de tempos en estilo directo e indirecto referidos ao pasado, ao presente e ao futuro, a combinación de estilo directo e indirecto nun mesmo relato e a construción de oracións compostas de distinto tipo.

Desde o punto de vista discursivo, desenvolveranse recursos de cohesión léxica e gramatical e tamén trazos definidores das distintas tipoloxías textuais.

De xeito máis detallado, os saberes relacionados co código lingüístico –gramaticais, fonéticos, ortográficos e léxicos– que se consideran necesarios para desenvolver de xeito satisfactorio as anteriores funcións comunicativas son os que se relacionan no seguinte cadro:

<b>Gramática</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todas as estruturas dos niveis anteriores.</li> <li>• Flexión de xénero e de número: casos especiais na flexión de número (palabras compostas, estranxeirismos e cultismos).</li> <li>• Formacións especiais de xénero (variacións sobre a base <i>–actor / actriz, príncipe / princesa, etc.</i>- e outras bases léxicas); substantivos con cambio de xénero ligado a cambio de significado.</li> <li>• Procesos de formación de palabras: derivación (recoñecemento de constituíntes da palabra) e composición.</li> <li>• Adecuación da adxectivación ao tipo de discurso (oral e escrito).</li> <li>• Agrupacións de determinantes: art.+indef., indef.+indef., etc.</li> <li>• Usos e valores do sistema de perífrases verbais: formas con varios valores.</li> <li>• Sistema pronominal tónico e átono: casos especiais na colocación dos clíticos (dobres posibilidades).</li> <li>• Formas e valores dos tempos da conxugación regular e irregular.</li> <li>• Uso dos tempos de subxuntivo: alternancias entre formas (<i>andara / andase</i>), presente de subxuntivo / infinitivo conxugado.</li> <li>• Uso das formas verbais: discurso directo e indirecto con referencias ao presente, ao pasado e ao futuro.</li> <li>• Uso e equivalencia das formas de infinitivo conxugado: oracións temporais, inf. conxugado / subxuntivo, inf. conxugado nas oracións condicionais, etc.</li> <li>• Uso do sistema preposicional: rexencias preposicionais de adxectivos e verbos; ausencia / presenza da preposición <i>a</i> co complemento directo.</li> <li>• Construción de oracións: subordinadas substantivas (indicativo, subxuntivo e infinitivo); oracións finais; subordinadas modais; subordinadas condicionais; subordinadas adxectivas (indicativo e subxuntivo); subordinadas concesivas e subordinadas adverbiais con xerundio; subordinadas condicionais; subordinadas causais.</li> <li>• Conectores discursivos de uso nos discursos formais extensos: comezo, resumo, repetición, explicación, etc.</li> <li>• Formas de modalización do discurso: evidenciais (<i>seica, disque, etc.</i>), enfáticos, etc.</li> <li>• Procedementos de organización dos enunciados: focalizacións, tematizacións, etc.</li> <li>• Recoñecemento e uso das formas lingüísticas máis axeitadas para cada tipo de discurso e texto (coloquial/formal, oral/escrito, etc.).</li> </ul>
<b>Fonética e ortografía</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronuncia das realizacións do sistema fonolóxico: grupos cultos, encontros vocálicos, etc.</li> <li>• Recoñecemento e identificación das variedades xeográficas fonéticas máis comúns e estendidas (gheada, seseo, etc.).</li> <li>• Adecuación da entoación ás intencións comunicativas.</li> <li>• Entoación dos distintos tipos de oración e de textos orais e escritos.</li> <li>• Usos especiais de maiúsculas e minúsculas</li> <li>• Siglas e abreviaturas de uso frecuente.</li> <li>• Recoñecemento e uso das formas ortográficas opcionais (artigo, contraccións, etc.).</li> </ul>
<b>Léxico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Léxico especializado da saúde (síntomas, enfermidades, diagnósticos, etc.).</li> <li>• Léxico dos negocios (<i>calidade, produtos, mercadorías, mercado, competencia, consumidor, campaña publicitaria, etc.</i>).</li> <li>• Léxico do mundo laboral e económico (<i>investimento, capital, multinacional, sucursal, sindicato, seguros, póliza, etc.</i>).</li> <li>• Léxico do medio natural (natureza, especies vexetais e animais, etc.).</li> <li>• Léxico relacionado con institucións e organismos oficiais e públicos.</li> <li>• Léxico das festividades (Nadal, Entroido, etc.).</li> <li>• Léxico relacionado cos sistemas políticos (eleccións, partidos, etc.).</li> <li>• Léxico das artes.</li> <li>• Léxico relacionado coa literatura.</li> <li>• Léxico relacionado co cine.</li> <li>• Léxico da música (estilos musicais, instrumentos musicais, actuacións).</li> <li>• Léxico das ciencias.</li> <li>• Léxico da tecnoloxía (ordenadores, electrodomésticos, etc.).</li> <li>• Expresións idiomáticas e frases feitas.</li> </ul>

### **3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais**

Co mesmo criterio orientativo ca nos niveis anteriores e buscando esa progresión crecente que guía todo o proceso, enténdese que neste chanzo da aprendizaxe da lingua pode ser interesante que se realice un achegamento máis persoal a algúns aspectos da historia ou da actualidade de Galicia, a través da análise máis en profundidade ou da indagación sobre algún acontecemento relevante de tipo político, social, cultural, ambiental, deportivo, etc. Este labor apoiarase en fontes diversas e en informacións fornecidas en diferentes modalidades de lingua e en distintos formatos: textos impresos, imaxes, gráficos, material videográfico, etc.

En todo caso, deberase ter sempre en conta que a función destes contidos segue sendo a de servir de soporte para a interacción comunicativa e para unha máis rigorosa comprensión do universo sociocultural no que se desenvolve a lingua galega.

# Celga 5

1. Descrición xeral do nivel.....	55
2. Descrición dos niveis segundo as habilidades .....	55
2.1. Comprensión oral.....	55
2.2. Comprensión escrita .....	56
2.3. Expresión oral .....	56
2.4. Expresión escrita.....	57
3. Contidos.....	58
3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas .....	58
3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código.....	59
3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais .....	60





## 1. Descrición xeral do nivel

A persoa que supere o *Celga 5* será capaz de comprender calquera tipo de texto oral e escrito, independentemente da súa extensión, temática ou tipoloxía e recoñecerá mesmo os sentidos implícitos, os valores connotativos e os que se poidan asociar ao contexto comunicativo.

Desde o punto de vista da emisión, será quen de expresar oralmente e por escrito de forma fluída e espontánea situacións diversas, fará un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica, empregará axeitadamente os mecanismos de organización e cohesión textual e escolleirá o vocabulario e as expresións máis axeitadas ao nivel e á finalidade de cada discurso.

Porén, poderá identificar manifestacións lingüísticas e sociolingüísticas do contacto idiomático, comprenderá as súas causas e o proceso de estandarización e normalización.

## 2. Descrición dos niveis segundo as habilidades

### 2.1. Comprensión oral

Será capaz de seguir sen dificultades calquera tipo de discurso oral, independentemente do tema, da extensión ou da tipoloxía (exposicións, debates, interaccións espontáneas, etc.). Poderá recoñecer os cambios de rexistro e comprenderá un bo número de expresións coloquiais e idiomáticas. Non terá dificultades para entender e seguir os discursos descontextualizados e mesmo pouco estruturados.

Máis en concreto, será capaz de comprender mensaxes relacionadas coa vida cotiá, académica e laboral, como as seguintes:

- ⊙ Exposicións fragmentarias ou pouco organizadas nas que sexa necesario establecer conexións intradiscursivas.
- ⊙ Intervencións orais nas que haxa que operar con implícitos ou facer inferencias a partir de recursos paraverbais do falante ou de elementos relacionados co contexto da comunicación.
- ⊙ Diálogos ou monólogos de películas e obras de teatro que teñan algunhas expresións coloquiais e de argot.
- ⊙ Discursos ou interaccións espontáneas nas que se utilicen marcas fonéticas, morfosintácticas ou léxicas de carácter popular ou dialectal, sempre que sexan de uso común.
- ⊙ Anécdotas, chistes, parodias, cancións, etc. nas que se xogue coa ironía ou con significacións superpostas.
- ⊙ Refrás, ditos e outras expresións populares que impliquen o dominio de certas claves socioculturais.

## 2.2. Comprensión escrita

A persoa que supere o *Celga 5* será capaz de entender calquera texto escrito, independentemente do soporte no que se presente, da súa temática, da súa extensión, da súa tipoloxía e da súa finalidade. Agás nos casos de textos sobre temas específicos ou especializados, esa comprensión será mesmo de detalle e valorativa e poderá establecer relacións entre distintas partes, identificar matices sutís de significado e recoñecer cambios de estilo ou marcas expresivas de distinto tipo.

De xeito máis detallado, estará en condicións de ler e entender textos do seguinte tipo:

- ⊙ Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico, etc., aínda que se apoiem en vocabulario, modismos e fraseoloxía específica.
- ⊙ Informacións, anuncios e slogans publicitarios nos que cumpra realizar inferencias ou desvelar significados implícitos.
- ⊙ Textos que amosen trazos non normativos con características facilmente recoñecibles e adscribíbeles ás variedades sociais e xeográficas do galego; ademais, será capaz de establecer as correspondencias coa variedade estándar.
- ⊙ Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral, nos que poida identificar as ideas centrais e as liñas argumentais e ha de ser capaz de formar unha opinión sobre eles.
- ⊙ Textos académicos ou profesionais relacionados coa súa especialidade, integrándoos adecuadamente nos coñecementos previos.
- ⊙ Textos ensaísticos ou literarios pertencentes a épocas históricas pasadas, sen que as posibles dificultades ortográficas, morfosintácticas e léxicas impidan unha interpretación global destes.
- ⊙ Textos literarios de actualidade, nos que será quen de identificar procedementos expresivos específicos e de detectar posibles sentidos non transparentes.

## 2.3. Expresión oral

Expresarase oralmente con corrección e claridade sobre unha gran variedade de temas e en diversas situacións comunicativas e mostrará un dominio amplo e variado dos recursos lingüísticos e expresivos. Mostrará fluidez e naturalidade nas interaccións, seleccionando as expresións máis adecuadas para cada contexto e adaptándose sen dificultade a distintos rexistros. Poderá producir discursos ben estruturados e cun uso apropiado dos recursos de cohesión.

Son habilidades específicas do *Celga 5*, en relación coa expresión oral, as seguintes:

- ⊙ Intervir en público ou en privado empregando a entoación apropiada para transmitir matices de significado.
- ⊙ Reformular, matizar ou corrixir o dito por outras persoas ou por un mesmo en intervencións previas.

- ⊙ Solucionar dificultades expresivas, facendo uso de recursos como a sinonimia, o circunloquio ou a exemplificación.
- ⊙ Interactuar en contextos coloquiais, incorporando ao seu discurso fraseoloxía, modismos e recursos idiomáticos específicos deste rexistro.
- ⊙ Producir discursos intencionais de carácter lúdico, irónico ou nos que se superpoñan varios significados.

## 2.4. Expresión escrita

Será capaz de producir textos escritos de extensión variable, cunha alta complexidade estrutural e sobre temas e finalidades comunicativas moi diversas. Na súa elaboración mostrará un dominio rigoroso da norma estándar (ortográfica, morfosintáctica, etc.), utilizará unha variada gama de recursos de cohesión e organizará adecuadamente a materia discursiva para que o texto resulte traballado e coherente. Expresarase con claridade e precisión e empregará a lingua de xeito flexible, seleccionando os recursos máis axeitados en función do tipo de texto e do destinatario.

A persoa que supere o *Celga 5* saberá poñer en práctica todas as habilidades que se indican no parágrafo anterior para:

- ⊙ Sintetizar informacións complexas e reformular ideas ou opinións extraídas doutras fontes.
- ⊙ Redactar textos argumentativos e de opinión nos que expoña de maneira lóxica as súas ideas e defenda con claridade e coherencia o punto de vista.
- ⊙ Elaborar informes e explicacións precisas e ben estruturadas sobre temas académicos ou profesionais da súa especialidade.
- ⊙ Poñer en práctica estratexias de corrección e revisión de textos, resolvendo posibles desviacións normativas de carácter ortográfico e morfosintáctico ou problemas coa organización do discurso.
- ⊙ Transformar textos cambiando o rexistro ou o destinatario, facendo uso en cada caso das fórmulas lingüísticas e expresivas máis axeitadas.
- ⊙ Crear textos de intención literaria nos que se imiten, expandan ou transformen fragmentos ou obras que se toman como modelos.

## 3. Contidos

### 3.1. Lingua e comunicación: funcións comunicativas

Ao tratarse do nivel máximo de competencia, as persoas que acaden o *Celga 5* deberán estar en condicións de resolver satisfactoriamente todas as funcións comunicativas coas que se pode atopar un usuario da lingua, tanto na vida familiar coma na profesional e o mesmo no ámbito persoal ca no público.

Estas funcións aparecen practicamente todas elas formuladas xa nos niveis anteriores, polo que o distintivo do *Celga 5* está máis ben na forma en que se manifestan: cun dominio total da norma estándar e dos mecanismos de organización do discurso; mediante a activación de procedementos textuais e contextuais para comprender certas mensaxes e para producir textos xogando coa ambigüidade, a connotación ou a ironía; a través do control dos recursos expresivos e dos códigos sociais que permiten operar coa variación lingüística nos seus distintos planos, etc.

Por manter un paralelismo cos niveis anteriores, formulamos de seguido as funcións comunicativas que definen este nivel, primeiro cunha referencia global e comprensiva e despois con algunhas especificacións máis singulares. A persoa que supere o *Celga 5* deberá estar en condicións de desempeñar todas as funcións do *Celga 1*, *Celga 2*, *Celga 3* e *Celga 4* adaptadas aos requirimentos enunciados máis arriba e, ademais, as seguintes:

- ⊙ Aclarar malas interpretacións.
- ⊙ Interrelacionar informacións, ideas ou argumentos extraídos de distintas fontes.
- ⊙ Reformular informacións e opinións propias ou alleas para asentar ou facilitar a súa comprensión.
- ⊙ Recoñecer e comprender as expresións coloquiais e os cambios de rexistro.
- ⊙ Facer inferencias e detectar implícitos en informacións, opinións ou valoracións realizadas por outras persoas.
- ⊙ Descubrir dúbidos sentidos, ironías e ambigüidades conscientes en textos alleos.
- ⊙ Recoñecer o sentido de textos literarios que non teñan unha complexidade especial.
- ⊙ Empregar axeitadamente os recursos que marcan estilos e rexistros.
- ⊙ Utilizar os recursos expresivos da lingua con propósito lúdico, creativo ou poético.
- ⊙ Identificar e valorar manifestacións discursivas e sociolingüísticas que ilustren o contacto entre o galego e o castelán.
- ⊙ Identificar fenómenos de variación lingüística en relación co estándar e valorar a súa xustificación ou funcionalidade.
- ⊙ Valorar a capacidade comunicativa nun mesmo e noutras persoas.

### 3.2. Lingua e sistema: coñecemento do código

O dominio xeral do código e da norma estándar son xa requirimentos do *Celga 4*. Os coñecementos específicos do *Celga 5* en relación co sistema da lingua son os que se sinalan no seguinte cadro:

<b>Gramática</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todas as estruturas dos niveis anteriores.</li> <li>• Procesos de formación de palabras: derivación e composición (recoñecemento de constituíntes da palabra e significado dos afixos).</li> <li>• Pronomes persoais átonos: dobres posibilidades de colocación (perífrases, etc.); usos das formas de solidariedade e interese.</li> <li>• Adecuación da adxectivación ao contexto e ao tipo de texto (formal e coloquial, oral e escrito).</li> <li>• Usos das formas verbais na composición de textos: os tempos do subxuntivo, o pospretérito, etc.</li> <li>• Correlación temporal na construción de textos orais e escritos.</li> <li>• Uso de formas verbais simples e perifrásticas para a expresión da temporalidade: valores específicos e diferenzas.</li> <li>• Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde.</li> <li>• Formas de modalización do discurso: evidenciais (<i>seica, disque, etc.</i>), enfáticos, etc.</li> <li>• Procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións, etc.</li> <li>• Adecuación das estruturas sintácticas ao contexto e ao tipo de texto (coloquial/formal, oral/escrito, etc.).</li> <li>• Construción do estilo indirecto: estrutura dos enunciados e correlación temporal.</li> <li>• Utilización de conectores para a organización de textos orais e escritos.</li> <li>• Recoñecemento dos trazos morfosintácticos diferenciadores das variedades sociais, xeográficas e históricas do galego.</li> </ul>
<b>Fonética e ortografía</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os contidos dos niveis anteriores.</li> <li>• Recoñecemento e uso das formas ortográficas opcionais (artigo, contraccións, etc.).</li> <li>• Adecuación da entoación ás intencións comunicativas.</li> <li>• Recoñecemento dos trazos fonéticos diferenciais das variedades xeográficas máis comúns e estendidas (gheada, seseo, etc.).</li> <li>• Utilización dos signos de puntuación e convencións gráficas na construción de textos escritos extensos.</li> </ul>

<b>Léxico</b>	<p>As capacidades comunicativas descritas no apartado de habilidades implican o dominio do vocabulario relacionado cunha serie de áreas temáticas.</p> <p>No <i>Celga 5</i> o vocabulario abranguerá de forma plena o conxunto de áreas e ámbitos temáticos. A persoa que supere este nivel estará en condicións, ademais, de comprender os significados de voces e expresións fraseolóxicas en contextos específicos e de detectar valores connotativos, intencionais e polisémicos en textos coloquiais e literarios. Como emisor, fará un uso amplo da sinonimia e doutros recursos léxicos para escoller o termo máis adecuado á situación comunicativa ou á finalidade do discurso.</p> <p>As áreas temáticas e algúns dos campos semánticos nos que se desdobran son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Identificación e caracterización das persoas:</b> idade e cronoloxía en xeral, sexo e estado civil; procedencia e localización xeográfica; características físicas; pezas e maneiras de vestir; estudos e profesións; carácter, estados de ánimo.</li> <li>• <b>Vivenda e contorno físico:</b> o fogar, as partes da casa, o mobiliario, os tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a paisaxe, o relevo, a vexetación, a fauna, o clima e a meteoroloxía.</li> <li>• <b>Relacións humanas:</b> relacións familiares e de parentesco; relacións de amizade e inimidade; formas de convivencia; agrupamentos e interaccións humanas; fórmulas de saúde, despedida, felicitación, condolencia, agradecemento, desculpa, etc.</li> <li>• <b>Organización da sociedade e servizos públicos:</b> organización política; estrutura administrativa; organismos e servizos públicos; organizacións sociais, políticas e profesionais.</li> <li>• <b>Lecer e tempo libre:</b> xogos, deportes, espectáculos, festas, lectura, música, hostalería, vacacións.</li> <li>• <b>Alimentación:</b> alimentos, bebidas, dietas, gastronomía típica, establecementos de restauración.</li> <li>• <b>Viaxes e comunicacións:</b> medios de transporte, vías públicas, estacións e aeroportos, turismo, sistemas de comunicación interpersoal, aparellos para a transmisión da voz e a imaxe.</li> <li>• <b>Compras e actividades comerciais:</b> actividades de compra e venda, establecementos comerciais, rede bancaria, moeda e formas de pagamento.</li> <li>• <b>Saúde e atención sanitaria:</b> estado de saúde, doenzas, tratamentos médicos, consultas, sistema sanitario.</li> <li>• <b>Educación:</b> sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos e materiais escolares, actividades e tarefas escolares.</li> <li>• <b>Termos e expresións</b> habituais do rexistro coloquial.</li> <li>• <b>Variación léxica</b> referida a obxectos ou realidades máis comúns.</li> </ul>
---------------	--

### 3.3. Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais

Neste nivel é de aplicación o indicado no *Celga 4*, incídise de maneira máis destacada na profundidade analítica e valorativa coa que deben ser tratados estes contidos, na diversidade de focos ou perspectivas desde as que se poden abordar, na pluralidade de fontes e materiais nos que se deben apoiar e na autonomía do aprendiz no achegamento a estes.

Os temas ou tópicos poden referirse a calquera aspecto da historia ou da actualidade de Galicia e dos galegos. En todo caso, dadas as capacidades e coñecementos máis específicos do *Celga 5*, pode ser de interese que se lles preste especial atención a aquelas cuestións que

teñen incidencia máis directa nos comportamentos lingüísticos e na relación dos falantes co idioma: situación sociolingüística de Galicia, tensión entre variación e norma, relación entre o galego e o mundo da lusofonía, a lingua galega no exterior, etc.

O mesmo ca nos niveis anteriores, deberase ter en conta tamén aquí que a función destes contidos segue sendo a de servir de soporte para a interacción comunicativa, para conseguir unha máis rigorosa comprensión do universo sociocultural no que se desenvolve a lingua galega e, en último termo, para favorecer que a competencia comunicativa sexa máis plena.











ISBN 84-453-4306-8



9 788445 343067



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística